

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A
CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DA EXPLOTACIÓN DO
SERVIZO DE CAFETERIA E DE MÁQUINAS EXPENDEADORAS DE BEBIDAS E
SÓLIDOS (VENDING) NO PARQUE DAS CIENCIAS VIGOZOO.****INDICE****I. ELEMENTOS DO CONTRATO**

1. ORGANO DE CONTRATACIÓN
2. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL
3. OBXECTO DO CONTRATO
4. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO
5. CANON ANUAL E FORMA DE PAGO
6. DURACIÓN E PRORROGA.
7. SOLVENCIA ECONÓMICA-FINANCIEREA E TÉCNICA.

II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

8. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN
9. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN DO CONTRATO QUE DEBE ABONAR O ADXUDICATARIO
10. GASTOS A ABONAR EN CASO DE RENUNCIA OU DESESTIMENTO
11. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACION
12. FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSICIÓNS
13. PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DEMAIS REQUISITOS DAS PROPOSICIÓNS
14. CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO
15. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS
16. NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES
17. ADXUDICACIÓN
18. GARANTÍAS ESIXIBLES
19. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO
20. DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E CUMPRIMENTO DA NORMATIVA RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

III. RÉXIME DA ACTIVIDADE**21. EXECUCIÓN DO CONTRATO**

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
1 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 1 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**



**ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P - 8605701 E**



Exp nº. 6407/12
rel. 5302/12

22. DEREITOS DO ADXUDICATARIO
23. OBRIGACIÓNS DO ADXUDICATARIO
24. FACULTADES DA ADMINISTRACIÓN
25. INFRACCIÓNS
26. SANCIÓN
27. PROCEDEMENTO SANCIONADOR
28. MULTAS COERCITIVAS
29. CESIÓN
30. SUBCONTRATACIÓN
31. ENTREGA DO LOCAL E INSTALACIONS
32. RESOLUCIÓN DO CONTRATO
33. LIQUIDACIÓN
34. PRAZO DE GARANTÍA

IV. XURISDICCIÓN E RECURSOS

35. XURISDICCIÓN

V. ANEXOS

1. ANEXO I: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE
2. ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
2 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 17/03/2015 11:50	Páxina 2 de 24
Expediente 6407/12	Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

I. ELEMENTOS DO CONTRATO**CLÁUSULA 1.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.**

O órgano de contratación é o Consello de Administración do OO.AA. Parque das Ciencias VigoZoo (en diante VigoZoo).

- A dirección postal é Monte da Madroa, s/n - Teis 36216 - Vigo.
- A dirección de Internet do órgano de contratación e o seu perfil do contratante é www.vigo.org.
- O número de fax do Rexistro de VigoZoo é 986-370800.

O servizo xestor do expediente é VigoZoo.

O responsable do contrato coas competencias que lle asigna o artigo 52 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público(en adiante TRLCSP) é o Director de Réxime Interior de VigoZoo.

CLÁUSULA 2.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL.

O presente contrato, conta con natureza administrativa e cualifícase como especial (artigo 19.1.b TRLCSP). Se rexerá polo disposto neste prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, o contratista.

Terán carácter contractual, pola orde de prelación na que se indican, os seguintes documentos:

- O presente prego de cláusulas administrativas particulares.
- O prego de prescricións técnicas.
- A oferta do Adxudicatario.
- O documento no que se formalice o contrato.

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para a contratación local, o contrato rexeráse polas seguintes normas:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (no sucesivo,RGLCAP), no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local.

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
3 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 3 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Exp nº. 6407/12

rel. 5302/12

- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Corporacións Locais.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

Supletoriamente rexeráse, no que non se opoña ás normas anteriores, polas demais normas de Dereito Administrativo e, en defecto destas últimas, será de aplicación as normas do Dereito Privado.

CLÁUSULA 3.- OBXECTO DO CONTRATO.

O contrato terá por obxecto a contratación da explotación do servizo de cafetería e de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (Vending) no Parque das Ciencias VigoZoo.

A codificación do obxecto deste contrato é a seguinte:

- CPA: 55.30.14 (Outros servizos de comidas) e 55.40.10 (Servizos en establecementos de bebidas).
- CPV: 55410000-7 (Servizos de xestión de bares).

CLÁUSULA 4.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO.

Mediante a execución do contrato se pretende garantir un servizo de cafetería no edificio administrativo de VigoZoo, dirixido ós empregados do Organismo e aos visitantes do Zoo. A estos efectos, tendrán a condición de visitantes todos os que accedan ás instalacións sen ser empregados.

CLÁUSULA 5.- CANON ANUAL E FORMA DE PAGO.

O canon anual mínimo a aboar pola explotación da cafetería, e que serve de base á licitación se fixa en 1.200,00 euros, IVE incluído, que pode ser mellorado á alza polos licitadores.

O importe do canon será obxecto de revisión transcorrido o primeiro ano de vixencia en función do 50% da variación do índice de prezos ó consumo (subíndice de restaurantes, cafés e establecementos similares, (11.1.1.) durante o ano natural anterior, segundo a publicación que efectúe o Instituto Nacional de Estatística.

As revisións autorizaranse polo Consello de Administración de VigoZoo, previamente a súa aplicación.

O canon anual prorratearase en doce mensualidades, debendo o adxudicatario efectuar o ingreso de cada mensuralidade na Tesourería de VigoZoo nos cinco

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
4 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 4 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

primeiros días do mes seguinte o que corresponda, mediante procedemento de autoliquidación, e sen necesidade de que medie notificación ou requirimento previo do Organismo.

CLÁUSULA 6.- DURACIÓN E PRORROGA.

A duración do contrato será de catro anos.

O contrato poderá ser obxecto de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha, sempre que medie acordo expreso do Consello de Administración de VigoZoo e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a previa formalización do mesmo.

O contrato iniciárase no prazo máximo de dous meses seguintes a súa formalización e na data que figure no mesmo.

Previamente levantarase acta polo responsable do contrato e o contratista, ou o seu delegado, se comparecese, da entrega das actuais instalacións da cafetería ao contratista, en perfecto estado para a súa utilización.

CLAUSULA 7.- SOLVENCIA ECONÓMICA-FINANCIERA E TÉCNICA.

A acreditación da solvencia económica e financeira, ao non esixirse clasificación, se realizará por calquera dos seguintes medios:

- Informe de institución financeira no que se exprese concretamente que o licitador ten solvencia económica e financeira suficiente para executar este contrato, citando o seu nome e contía.
- Declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financiera ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato.

A acreditación da solvencia técnica e profesional, se determinará por calquera dos seguintes medios:

a) Coa aportación de certificados acreditativos da execución de contratos de carácter similar ós do obxecto do contrato realizados nos últimos tres anos nos que se indicarán o importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
5 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 5 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade; a estes efectos o licitador deberá contar co carnet de manipulador de alimentos e experiencia profesional no sector durante dous anos como mínimo acreditada a través dos correspondentes certificados oficiais.

II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 8.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

O contrato adxudicarase polo procedemento aberto e a forma de tramitación do expediente será a urxente, conforme ó disposto no artigo 112 do TRLCSP.

Este contrato non está sometido a regulación harmonizada nin é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

CLÁUSULA 9.- IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN DO CONTRATO QUE DEBE ABOAR O ADXUDICATARIO.

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos de publicidade da licitación pola inserción de anuncios nos boletíns oficiais ata un importe máximo de 200 €.

CLÁUSULA 10.- GASTOS A ABONAR EN CASO DE RENUNCIA OU DESESTIMENTO

O órgano de contratación poderá acordar a renuncia á celebración do contrato, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou o desestimento do procedemento, baseado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, en ambos casos antes da adxudicación do contrato.

En caso de renuncia ou desestimento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos xustificadas en que tivesen incorrido (artigo 155.2 TRLCSP). A indemnización non superará en ningún caso a cantidade de 100 € por cada licitador.

CLÁUSULA 11.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACION

Para tomar parte na licitación será preciso que o interesado aporte a documentación distribuída en dous sobres: 1) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL, 2) SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
6 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 6 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Os sobres estarán pechados, e poderán ser lacrados e precintados. No seu exterior constaran como mínimo os seguintes datos:

- Indicación do sobre do que se trata: “Sobre A, documentación persoal”, e “Sobre B, “proposición económica”.
- Número de expediente e obxecto da licitación .
- Os datos seguintes do licitador: nome, CIF ou NIF, dirección postal, teléfono, fax, correo electrónico e no suposto de que o licitador este inscrito no rexistro de contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Facenda, o número de inscrición.
- Lugar, data e sinatura do licitador ou do seu representante.

No interior de cada sobre farase constar en folia independente o índice do seu contido, enunciado numericamente. A documentación incluída en cada sobre deberá estar paxinada.

A documentación poderá ser entregada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Casa do Concello de Vigo, Praza de “El Rey”, 2, 36202 Vigo) e no Rexistro de VigoZoo (Monte da Madroa, s/n - Teis) en horario de 9 a 13,30 horas os días laborables e de 9 a 13 horas os sábados. O licitador terá dereito a obter, como acreditación da presentación, recibo no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación. Non será admitida a documentación se é recibida no Rexistro Xeral deste Concello con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Por último, as proposicións poderán ser presentadas por correo. Admitiranse as ofertas presentadas nas oficinas de correos ata as 23.59 horas do último día do prazo establecido para a presentación de ofertas. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou ó Rexistro de VigoZoo a remisión da oferta mediante télex, fax, correo electrónico ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non entanto, dez días a partir da indicada data sen haberse recibido a documentación enviada por correo, esta non será admitida en ningún caso.

Non se poderá presentar máis dunha proposición.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

CLÁUSULA 12.- FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSICIÓNS

A) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL

Presentarase unha declaración responsable de acordo o modelo incluído como Anexo I a este prego.

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
7 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 7 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

B) SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA

A proposta económica deberá ser formulada de acordo co modelo que se fixa no Anexo II a este prego.

CLÁUSULA 13.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DEMAIS REQUISITOS DAS PROPOSICIÓN.

A documentación persoal e a proposición económica se presentarán dentro do prazo fixado no anuncio da licitación.

As proposicións dos interesados deberán axustarse ó previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións e do prego de prescricións técnicas, sen excepción ou reserva ningunha.

As proposicións serán secretas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á apertura en público das mesmas.

CLÁUSULA 14.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

En orde á adxudicación do contrato, teranse en conta os seguintes criterios obxectivos valorables a través de fórmula, e os seus respectivos baremos de puntuación, que se enumeran segundo a súa ponderación de maior a menor:

1) Maior porcentaxe de rebaixa a aplicar sobre os prezos máximos fixados (ata 30 puntos).

Respecto ós produtos básicos (Grupo 1) e os produtos das maquinas automáticas (grupo 3) recollidos no Anexo IX.5 do prego de prescricións técnicas:

Só se terán en conta, a efectos de valoración, rebaixas superiores a un 5%.
A porcentaxe de redución será a mesma para tódolos grupos.

2) Incremento do canon anual mínimo establecido no prego (ata 30 puntos):

Só se terán en conta a efectos de valoración, os incrementos no canon anual superiores a un 10%.

3) Redución do prezo máximo do menú, medio menú e menú infantil (ata 15 puntos).

Os prezos de referencia para este apartado están recollidos no Anexo IX.5 (Grupo 2) do prego de prescricións técnicas.

4) Redución do prezo máximo de outros servizos (ata 10 puntos).

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
8 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50 Páxina 8 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Os prezos de referencia para este apartado están recollidos no Anexo IX.5 (Grupo 5) do prego de prescricións técnicas.

5) Incremento da oferta de produtos especiais (sen glute e sen lactosa) (ata 10 puntos):

Para poder aplicar este criterio é preciso que o licitador oferte un mínimo de 10 produtos, que non inclúan os produtos obrigatorios incluídos no anexo IX.5 (Grupo 4). Outorgarase un punto por cada produto ofertado por enriba deste mínimo.

6) Incremento no porcentaxe de redución dos prezos previstos para ó persoal que traballe no Organismo (ata 5 puntos).

Respecto o establecido na cláusula V do prego de prescricións técnicas.

Para cada un dos criterios, outorgarase a maior puntuación ao que efectúe cuantitativamente a mellor oferta, puntuándose de forma proporcional os restantes. Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor da oferta que inclúa un maior canon anual.

En segundo lugar, o desempate resolverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ó 2 %.

Se varias empresas licitadoras das que houberen empatado en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ó 2 %, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na plantilla do seu persoal.

Se continuase o empate se efectuará un sorteo.

CLÁUSULA 15.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS.

A cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas lle corresponde á Mesa de contratación de Vigozoo, cuxa composición figura no perfil do contratante do mesmo, aloxado na páxina WEB www.vigo.org.

- A cualificación da documentación persoal presentada efectuarase pola Mesa de contratación constituída ó efecto, no día e hora anunciados no perfil do contratante. O Presidente ordenará a apertura dos sobres que a conteñan (**sobre A**), e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións subsanables na documentación que se inclúe no sobre A (declaración responsable), o comunicará ós interesados por correo electrónico ou fax, sen prexuízo de

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
9 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 9 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Exp nº. 6407/12

rel. 5302/12

que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou emenden ante a propia mesa de contratación. Os licitadores poderán facelo ou achegar a documentación requirida por correo electrónico.

- Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións de que adoeceía, a Mesa declarará admitidos á licitación ós licitadores que cumpran co previsto no artigo 146 do TRLCSP, facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento, circunstancia que se comunicará ós licitadores rexeitados por correo electrónico ou fax ós efectos oportunos.
- A apertura do **sobre B** terá lugar, en acto público, no día e hora anunciado no perfil do contratante do Concello de Vigo. No mesmo se dará a coñecer o contido das proposicións económicas dos licitadores admitidos.

A Mesa poderá acordar, motivadamente, propoñer ó órgano de contratación o rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas, sempre e cando a documentación económica que conteñan variasen as previsións dos pregos. Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ó licitador.

De todo o actuado se deixará constancia documental.

CLÁUSULA 16.- NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES

Cando a Mesa de contratación acorde, en uso das facultades que lle confire a lexislación contractual vixente, o rexeitamento de proposicións inicialmente admitidas comunicará esta circunstancia ós licitadores a través correo electrónico ou fax.

CLÁUSULA 17.- ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas de acordo co disposto no artigo 151.1 do TRLCSP e requirirá ó licitador cuxa oferta estea clasificada en primeiro lugar a documentación sinalada no artigo 151.2 do TRLCSP.

O contrato deberá adxudicarse no prazo de cinco días hábiles seguintes á recepción da citada documentación.

A adxudicación do contrato será notificada a tódolos licitadores.

En todo caso, antes da formalización do contrato se esixirá:

- O pagamento dos anuncios de licitación, cuxo importe non poderá superar o límite fixado na cláusula 9.
- Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución da mesma.
- A póliza correspondente os seguros esixidos na cláusula 21.

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
10 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 10 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CLÁUSULA 18.- GARANTÍAS ESIXIBLES

Para participar neste procedemento non se esixe garantía provisional.

O licitador que resulte adxudicatario do contrato deberá prestar unha garantía definitiva do importe dunha anualidade do canon .

As garantías poderán constituírse en calquera das formas previstas no artigo 96.1 e 2 do TRLCSP, cos requisitos esixidos nos artigos 55 a 58 do RXLCAP.

No caso de que se constituía:

- En metálico ou mediante certificados de inmovilización de valores anotados públicos ou privados, haberá de depositarse na Caixa de VigoZoo e acreditarase acompañando o resgardo xustificativo.
- Mediante aval, se acreditará coa presentación do documento no que se formalice.
- Mediante contrato de seguro de caución, se acreditará coa presentación do certificado individual de seguro.

CLÁUSULA 19.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato se efectuará en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes á recepción polos licitadores da notificación da adxudicación. Poderá formalizarse tamén en escritura pública, a solicitude do adxudicatario, sendo neste último caso do seu cargo os correspondentes gastos, conforme ó artigo 156 do TRLCSP.

CLÁUSULA 20.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E CUMPRIMENTO DA NORMATIVA RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Sen prexuízo das disposicións do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse ós candidatos e ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó formular as ofertas, en especial con respecto ós segredos técnicos ou comerciais e ós aspectos confidenciais das mesmas. O órgano de contratación non poderá divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

Así mesmo, o persoal asignado polo adxudicatario para a realización das prestacións obxecto do contrato deberá cumprir a normativa relativa á protección de datos de carácter persoal.

III. RÉXIME DA ACTIVIDADE

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
11 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 11 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CLÁUSULA 21.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

O contrato executarase con subxección ó previsto no seu clausurado, neste prego, no prego de prescricións técnicas e na oferta do contratista, de acordo coas instrucións que para a súa interpretación formulará o órgano de contratación ó contratista.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, de acordo cos límites e responsabilidades establecidos no artigo 215 do TRLCSP.

Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen á Administración municipal, os seus bens ou a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, de acordo co disposto no artigo 214 do TRLCSP.

Con tal fin, o adxudicatario estará obrigado a contratar e manter vixente durante o período contractual as seguintes pólizas de seguros:

- 1) De danos do local municipal, fronte a todo risco, que cubra as perdas ou danos materiais, polo importe ó menos de 100.000 €, e na que figure como beneficiario VigoZoo.
- 2) De responsabilidade civil fronte a terceiros, cunha garantía por siniestro de ó menos 100.000 euros.

CLÁUSULA 22.- DEREITOS DO ADXUDICATARIO.

Ademais dos dereitos que se derivan das restantes cláusulas deste prego, do de prescricións técnicas e da normativa aplicable, o licitador que resulte adxudicatario da presente contratación terá dereito:

- a) A posta a disposición polo VigoZoo do local, espazos, instalacións e demais bens que constitúan a base necesaria para o desenvolvemento da actividade e que figuran nos anexo IX.2 do prego de prescricións técnicas, a súa ocupación e utilización, durante todo o prazo contractual e de acordo ó disposto no prego de condicións polo que se rixe.
- b) Efectuar, o seu cargo, as obras de mellora, división interior e reforma no local e instalacións, que sexan aconsellables para a súa mellor funcionalidade e aproveitamento, e redunde en beneficio da actividade comercial. A tal efecto, deberá presentar memoria explicativa e planos descritivos da obra a realizar e solicitar a previa autorización de VigoZoo que só poderá denegala cando non concorran as circunstancias que a xustifican.
- c) A percibir dos usuarios os prezos de tarifa correspondentes pola prestación do servizo de bar-cafetería obxecto deste contrato.
- d) A dirixir a prestación de devandito servizo, sen prexuízo das atribucións de inspección que sobre o mesmo lle corresponden ao Organismo, especialmente a través do responsable do contrato.

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
12 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 12 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

- e) A explotar as máquinas expendedoras, vending, que se coloquen nas instalacións do Organismo, previa autorización polo VigoZoo da colocación das mesmas, dentro dos ámbitos establecidos no anexo IX.1 do prego de prescricións técnicas, e a facer súas as ganancias que obteñan.
- f) Ceder o contrato nas condicións previstas na cláusula 29 do presente prego.

CLÁUSULA 23.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

Ademais das obrigas que se derivan das restantes cláusulas deste prego, do prego de prescricións técnicas e da normativa sectorial de aplicación ós establecementos de restauración, o adxudicatario tendrá as seguintes obrigas:

- a) Poñer en funcionamento a cafetería na data que se indique no contrato.
- b) Dotar ó local da maquinaria e menaxe necesario para o desenvolvemento da actividade de cafetería, así como o seu mantemento durante a duración do contrato.
- c) Obter as licencias preceptivas para as obras e explotación da cafetería e cumprir a normativa vixente para este tipo de actividades.
- d) Cumprir o contrato e non cedelo a terceiros sen consentimento expreso e previo de VigoZoo.
- e) Manter ó seu cargo, en bo estado de conservación; o local, instalacións e servizos e as máquinas de vending, efectuando as obras de reparación, conservación, mantemento, reposición ou substitución que sexan necesarias ó efecto, e cumprindo estritamente as disposicións de índole hixiénico-sanitarias.
- f) Instalar e poñer en funcionamento, ó seu cargo, as máquinas de vending nas instalacións municipais, solo no lugar que ó efecto se lle sinala polos servizos de VigoZoo.
- g) Manter a limpeza xeral do local, comprendendo superficies, paramentos, solos, cristais, mobiliario, portas, aseos e en xeral calquera outro elemento que o requira.

Os servizos de limpeza deberán realizarse fora do horario normal de funcionamento do servizo de cafetería e puntualmente sempre que sexa necesario consonte ás seguintes normas:

1. A limpeza dos aseos, realizarase catro veces por día así como a recollida de papeis, colillas, etc. durante o horario de funcionamento da cafetería.
 2. Os cubos e colectores de lixo, estarán perfectamente limpos coa tapa de peche hermético e evacuaranse diariamente, debendo depositarse nun lugar adecuado e non visibles polo público usuario do servizo.
- h) Non utilizar o local de cafetería para outras actividades distintas que a prestación do servizo de cafetería, agás autorización expresa de VigoZoo.

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
13 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 13 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Exp nº. 6407/12

rel. 5302/12

- i) Responder dos danos ou perxuizos que poidan ocasionarse á terceiros ou ao local ou instalacións durante todo o prazo do contrato.
- j) Cumprir as obrigas de carácter social, laboral e de seguridade e saúde respecto do persoal que contrate pola súa conta para o desenvolvemento normal da actividade, podendo o Organismo esixir en calquera momento os xustificantes de estar ó corrente no pagamento das cotas da Seguridade Social correspondente ó seu persoal.
- k) Esixir ao persoal adscrito ó servizo que estean en posesión do carnet de manipulador de alimentos antes de ser contratados, sendo esixible o xustificante de ter superado as probas coa periodicidade que estableza a regulamentación técnico sanitaria de aplicación.
- l) Esixir ao persoal a utilización de roupa para uso exclusivo no traballo e en perfecto estado de limpeza e observará a máxima pulcritude no seu aseo persoal. A uniformidade deberá ser aprobada polo Organismo.
- m) Satisfacer-los tributos estatais, autonómicos e locais que se deriven do exercicio da actividade.
- n) Manter en perfecto estado de conservación os bens afectos ao servizo e que revertirán ao Organismo ao finalizar o contrato.
- o) Non instalar máquinas de xogo con premio, nin expender bebidas alcohólicas a menores de idade.
- p) Dispoñer de follas de reclamación e listas de prezos a disposición do público usuario.

CLÁUSULA 24.- FACULTADES DA ADMINISTRACIÓN

VigoZoo ostentará, sen prexuízo das que legalmente ou regulamentariamente procedan, as seguintes facultades:

- 1. A inspección e control do servizo.
- 2. Adoptar as medidas necesarias para garantir un bo funcionamento do mesmo, podendo realizar directamente ou a través de terceiros cantas actuacións sexan precisas para manter e restablecer a debida prestación do servizo.
- 3. Vixiar as obras e instalacións que se efectúen, e comprobar o seu estado de conservación e limpeza.
- 4. Sancionar ó contratista pola comisión de infraccións, conforme ó previsto nas cláusulas 25 á 28 deste prego.
- 5. Esixir ó contratista, no prazo que se fixe no requirimento; a realización das obras e reparacións que resulten necesarias para a correcta conservación, hixiene e mantemento do local, dependencias e instalacións; a reposición, substitución, e limpeza do mobiliario, menaxe, máquinas de vending, e en xeral da totalidade do equipamento necesario para a debida prestación do servizo.

CLÁUSULA 25.- INFRACCIÓNS

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
14 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 14 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Considerarase infracción calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigacións establecidas no presente Prego, e na normativa sectorial de aplicación.

As infraccións, a súa clasificación e as sancións, serán as establecidas na normativa sectorial de aplicación, salvo que estiveran recollidas expresamente neste prego.

As infraccións ao presente prego e demais documentación contractual, clasifícanse en leves, graves ou moi graves atendendo ás circunstancias concorrentes ou maior ou menor perxuízo que se cause á administración ou ós usuarios.

1. Infraccións leves:

Serán as infraccións previstas neste prego, no prego de prescricións técnicas ou no contrato que non estean clasificadas como graves ou moi graves.

2. Infraccións graves:

Serán as seguintes:

- a) A desconsideración grave cos consumidores ou usuarios do local e instalacións que atenten contra a súa dignidade.
- b) A demora, en máis de 10 días sobre o prazo previsto na cláusula 23 para á posta en funcionamento da actividade, salvo que conte coa condición de moi grave.
- c) O incumprimento da obriga de mantemento e conservación dos bens e instalacións adscritos ao servizo, que poida producir danos aos usuarios ou deterioro grave dos mesmos.
- d) A falta de ornato ou limpeza do local, instalacións ou servizos hixiénicos, ou do terreo anexo.
- e) O incumprimento das condicións de prestación do servizo establecidas no presente contrato e demais normativa aplicable, salvo que tivesen o carácter de moi grave.
- f) A obstrución polo adxudicatario das facultades de control e fiscalización que corresponden a VigoZoo, así como a negativa a cumprir os requirimentos que lle formulen.
- g) A inobservancia do establecido neste contrato en canto a manter a disposición do público o libro de reclamacións e as listas de prezos.
- h) A perda de vixencia das pólizas de seguro que garantan en contía suficiente as responsabilidades a que se refire este Prego ou a súa modificación sen previo consentimento por escrito de VigoZoo.
- i) A prohibición de acceso ao establecemento a calquera persoa sen causa xustificada.
- j) A execución de obras ou instalacións de carácter permanente sen previa autorización do organismo.
- k) As interrupcións ou suspensión na prestación do servizo dunha duración inferior a catro días, salvo circunstancias de forza maior.

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
15 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 15 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Exp nº. 6407/12

rel. 5302/12

- l) O incumprimento de horario de apertura e peche ao público esporádico salvo circunstancias de forza maior.
- m) O retraso no abono do canon mensual superior a un mes e inferior a dous meses sen causa xustificada.
- n) A comisión de dúas ou máis infraccións, tipificadas como faltas leves no presente prego, nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.

3. Infraccións moi graves:

Serán as seguintes:

- a) Con carácter xeral a comisión dunha infracción grave cando medie requirimento do Organismo para evitalo ou cesar na conduta infractora.
- b) O incumprimento das condicións de prestación do servizo establecidas no presente prego e o de prescricións técnicas e demais normativa aplicable, que produzan consecuencias prexudiciais graves na prestación do servizo aos usuarios ou ás instalacións adscritas ao mesmo.
- c) O incumprimento da normativa en materia laboral e/ou de seguridade social e de prevención de riscos laborais que signifique un atentado contra os dereitos básicos dos traballadores.
- d) Ceder sen autorización municipal ou subarrendar a totalidade ou parte da explotación do servizo.
- e) As interrupcións ou suspensións na prestación do servizo aos usuarios por catro ou mais días, salvo cando concorran circunstancias debidamente acreditadas de forza maior.
- f) O incumprimento da obriga do adxudicatario de manter en bo estado de uso e conservación os bens e instalacións adscritos ao servizo, que poida supoñer un grave perigo para a saúde dos consumidores e usuarios.
- g) A inobservancia das normas sanitarias ou resolucións administrativas emanadas das autoridades sanitarias que supoñan un grave perigo para os consumidores e usuarios.
- h) O incumprimento do horario mínimo de apertura ao público de forma reiterada, salvo caso de forza maior.
- i) Destinar o local a actividades distintas das autorizadas.
- j) O retraso do abono do canon establecido en dous ou mais meses.
- k) A demora, en máis de tres meses, do prazo previsto na cláusula 23 para á posta en funcionamento da actividade comercial.
- l) A comisión de dúas ou máis infraccións tipificadas como graves no presente prego, nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.

CLÁUSULA 26.- SANCIONES

1. As infraccións previstas no presente prego lle corresponderán as seguintes sancións:

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
16 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 16 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

- a) Pola comisión de infracción leve: multa de ate 750 euros.
- b) Pola comisión de infracción grave: multa de ate 1.500 euros.
- c) Pola comisión de infracción moi grave: multa de ate 3.000 euros ou a resolución do contrato.

2. O importe das contías das sancións referidas na presente cláusula entenderanse automaticamente revisadas e experimentará as mesmas variacións que o canon.

3. A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatible coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización dos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.

4. As sancións a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:

- a) O grado de culpabilidade do infractor.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- c) A relevancia dos danos ou prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.
- d) En todo caso considerarase como agravante, a reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas no presente prego, cando así fose declarado por resolución firme.
- e) En todo caso considerarase como atenuante, o proceder voluntariamente, antes de que recaiga resolución que poña fin ó procedemento sancionador, ao cumprimento da obriga ou deber infrinxido e reparación do dano causado.

CLÁUSULA 27.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR

O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoación do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte o procedemento previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, que aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora, salvo no caso das infraccións leves que previamente a ser sancionados so requirirán que se lle outorgue trámite de audiencia ao contratista.

I. Órgano competente para imposición das sancións

A imposición das sancións corresponderan á Presidenta do Organismo salvo a consistente na resolución do contrato que deberá ser acordada polo Consello de Administración.

II. Prazo de prescrición das infraccións e sancións

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
17 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50 Páxina 17 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Exp nº. 6407/12

rel. 5302/12

As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ao ano e as leves ós dous meses da súa comisión.

As sancións impostas por cada clase de infraccións do apartado anterior terán o mesmo prazo de prescripción que corresponde á infracción.

O prazo de prescripción das infraccións comezará a contarse dende o día no que se cometeu a infracción. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputable ó presunto responsable.

O prazo de prescripción das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.

III.-Pagamento das sancións

O importe das multas será aboado polo concesionario na Caixa de VigoZoo, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de constrinximento administrativo.

CLÁUSULA 28.- MULTAS COERCITIVAS

Con independencia do réxime de penalidades, a Administración poderá impoñer ó contratista multas coercitivas cando persista no incumprimento das súas obrigas.

En caso de reiteración dos incumprimentos previstos na cláusula 26, a Administración poderá impoñer ó contratista as seguintes multas coercitivas:

- a) No caso de incumprimentos leves, multa de 1 a 50 € por día que persista o incumprimento.
- b) No caso de incumprimentos graves, multa de 51 a 100 € por día que persista o incumprimento.
- c) No caso de incumprimentos moi graves, multa de 101 a 300 € por día que persista o incumprimento.

Ditos importes incrementaránse cada ano na mesma proporción co canon cos límites que, no seu caso, estableza a lexislación vixente.

As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas penalizacións previstas na cláusula 26 do presente Prego.

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
18 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 18 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

En todos os casos, VigoZoo, con independencia da imposición da multa, poderá adoptar a costa do contratista as medidas necesarias para poñer fin á infracción, con dereito a repetir contra o mesmo.

O disposto na presente Cláusula enténdese sen prexuízo do dereito de VigoZoo a reclamar a indemnización de danos e prexuízos ou a resolución do Contrato, así como sen prexuízo das sancións administrativas que procedan no seu caso.

CLÁUSULA 29.- CESIÓN .

Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro cumprindo os seguintes requisitos:

- 1) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.
- 2) Que o cedente teña executado polo menos un 20 % do importe do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión prodúcese atopándose o adxudicatario en concurso aínda que se tivese aberta a fase de liquidación.
- 3) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e non estea incurso nunha causa de prohibición de contratar e conte coa solvencia que resulte esixible, debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido ó cedente.
- 4) Que a cesión se formalice en escritura pública.

CLÁUSULA 30.- SUBCONTRATACIÓN.

Dada a natureza do contrato, non se autoriza.

CLAUSULA 31.- ENTREGA DO LOCAL E INSTALACIÓNS.

Finalizado o contrato, calquera que sexa a súa causa, o contratista vendra obrigado a cesar no uso e ocupación do local, así como na explotación da actividade, deixándoo a disposición de VigoZoo, en perfecto estado de conservación e uso, xunto coas súas melloras, instalacións fixas e a totalidade da maquinaria, mobiliario, equipamento e menaxe entregados o adxudicatario ó inicio do contrato, en condicións optimas para o funcionamento do servizo, sen que teña dereito a percepción de indemnización ou contraprestación ningunha.

Das anteriores actuacións, levantarase a correspondente acta en presenza do contratista, se tivese comparecido previo requerimento ao efecto.

Na acta reseñarase o estado de conservación das instalacións, especificándose, de ser o caso, as deficiencias ou deterioros que presenten, servindo a acta como documento para incoar o correspondente expediente, no que se concretará o importe das reparacións ou reposicións necesarias que deberá facer o contratista.

Se no prazo outorgado non o fixara, a reposición ou reparación executaralas o Organismo, a cuio efecto poderá incautar a garantía. Se ésta non fose suficiente o resto da deuda se lle esixirá ao contratista a través do procedemento de recadación estabrecido, incluído a vía de constrinximento.

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
19 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 19 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO****ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P - 8605701 E**Exp nº. 6407/12
rel. 5302/12

Establécese como prazo máximo para o desaloxo e entrega dos bens, o de quince días hábiles a contar dende a data de finalización do contrato.

Se transcurrido dito prazo, o contratista non procedera ó dexaso e entrega dos bens, aboará a VigoZoo, en concepto de indemnización, a cantidade de 300 euros por cada día de retraso no que incurra, ata o total cumprimento da súa obriga. VigoZoo, sen perxuício de dita indemnización, poderá exercer as accións e facultades que o ordenamento xurídico lle recoñece na defensa e protección do seu patrimonio.

CLÁUSULA 32.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

A resolución do contrato rexerá polo establecido con carácter xeral nos artigos 223 a 225 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA 33.- LIQUIDACIÓN

Finalizado o prazo contractual practicarase a liquidación do contrato procedendo, no seu caso, á devolución da garantía definitiva.

CLÁUSULA 34.- PRAZO DE GARANTÍA

Dadas as características das prestacións obxecto deste contrato non se fixa prazo de garantía.

IV. XURISDICCIÓN

CLÁUSULA 35.- XURISDICCIÓN

As cuestións que poidan xurdir durante o desenvolvemento do contrato relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos serán resoltas polo órgano de contratación (artigos 210 e 211 TRLCSP). Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnados ante a Xurisdición contencioso-administrativa conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da mesma. O recurso contencioso-administrativo será interposto no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación. No entanto, os interesados poderán interpor, con carácter previo, recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes computado a partir do día seguinte á súa notificación. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia resolución, expresa ou presunta, do mesmo, ó amparo do previsto nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 17 de marzo de 2015
O Director de Réxime Interior

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
20 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 20 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**



**ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E**



Exp nº. 6407/12
rel. 5302/12

Fernando Carballo Villar

CONFORME,
A PRESIDENTA,

M^a Jesús Lago Rey

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 – VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO – VIGO
21 de 24

Documento asinado



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 21 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

ANEXO I**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

- Don/Dona, con D.N.I. con enderezo en

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa constituída (referencia escritura). Acreditando a súa representación a través do poder (referencia escritura)

DECLARA baixo xuramento que os datos aportados nesta declaración son exactos:

- Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que serven de base ó contrato e que os acepta incondicionalmente.
- Que a empresa á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar para contratar co sector público, esixidos nos artigos 54 e 72 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 60 do TRLCSP.
- Que a mercantil ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do presente contrato, sendo o mesmo segundo consta nos estatutos da empresa de data, inscritos no Rexistro Mercantil.
- Que a mercantil atópase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade autónoma e Concello de Vigo e fronte á Tesourería da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes.
- En orden a acreditar a solvencia económica e técnica manifesta:
- Que a mercantil ten declarado unha cifra de negocios, no ámbito das actividades correspondentes ó obxecto do contrato, nas contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil de € no ano 2013, de € no ano 2012 e de € no ano 2011 (se a xustifícase por este medio).
- Que, en relación coa solvencia técnica, executou contratos de prestacións análogas nos 3 últimos anos nas seguintes institucións ou empresas e polos seguintes importes, que será acreditable no momento procedimental oportuno de acordo co previsto no TRLCSP.

Institución Contía Ano

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
22 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 22 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Exp nº. 6407/12

rel. 5302/12

No caso de traballos realizados en UTE con outras empresas deberá facerse constar unicamente a parte proporcional en función da porcentaxe de participación da empresa na citada UTE.

- No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.
- Que a mercantil (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.
- Que a mercantil acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte
- Que concorre a presente licitación en UTE coas seguintes mercantís:, e de resultar adxudicatarias participarán no capital da UTE que se constitúa cada unha delas nos seguintes porcentaxes

En caso de resultar adxudicatario presentará escritura de constitución da mesma cando sexa requerido para elo, sempre antes da sinatura do contrato.

- No suposto de que se esixan medios persoais ou materiais, declara o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais que no mesmo se contemplan.
- Declara que ó tempo de presentar a súa proposición, contan entre o seu persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ó 2%, do seu cadro de persoal dos cales un % son traballadores fixos no cadro.
- No suposto de que o licitador sexa estranxeiro se compromete a someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder.
- Lugar, data, selo e sinatura

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
23 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 23 de 24

Expediente 6407/12

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**ANEXO II
MODELO DE PROPOSICIÓN**

D, con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado da licitación para a contratación DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERIA E A INSTALACIÓN DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS E SÓLIDOS (VENDING) NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO POR PROCEDIMENTO ABERTO, expediente nº 5302/12, manifesta:

1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas que rexen a presente contratación.

2.- Propón unha rebaixa a aplicar sobre os prezos máximos fixados respecto os produtos básicos (Grupo 1) e os produtos das maquinas automáticas (grupo 3) do anexo IX.5 do prego de prescricións técnicas do (%).

3.- Propón un incremento do canon anual mínimo establecido no prego de €, resultando un canon anual de € .

4.-Propón unha redución dos prezos para o menú, medio menú e menú infantil do (%).

5.- Propón unha redución dos prezos previstos para outros servizos do (%).

6.- Propón os seguintes produtos especiais (sen gluten e sen lactosa) a ofertar na cafetería (ademáis dos obrigatorios incluídos no anexo IX.5 do prego de prescricións técnicas (Grupo IV)), os seguintes:

PRODUTO	PREZO
.....	

7.- Propón unha redución dos prezos previsto para ó persoal municipal do (%).

Lugar, data e sinatura do licitador.

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: A Madroa s/n. Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - VIGO
24 de 24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 6407/12

Data impresión: 17/03/2015 11:50

Páxina 24 de 24

Código de verificación: 2EED3-A5DDA-25B2B-E85B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>